

BARBANZA

Carreira ao descuberto

Un libro de Javier Crugeiras recolle en 140 páxinas a historia e a realidade actual da parroquia ribeirense

M. X. Blanco | 22/12/2007

O cinema Millares, a fábrica de gasosas Santamaría ou o comercio de Faina son nomes de negocios que de seguro lle soan aos veciños de Carreira, sobre todo a aqueles que xa teñen unha certa idade. Agora, grazas a un libro escrito por Javier Crugeiras



Sampedro, todos os barbanceses terán a posibilidade de coñecer estes e outros aspectos vinculados co pasado e co presente da parroquia ribeirense.

Baixo o título **Historia de Carreira**, o volume publicado coa colaboración da comunidade de montes da localidade xa se atopa á venda en diversas librarías do municipio ribeirense. Adentrarse nas súas 140 páxinas permitiralle a moitos lembrar feitos xa esquecidos e a outros, saber un pouco máis do que foi o principal núcleo de poboación da zona durante a época medieval.

O traballo de investigación que Javier Crugeiras realizou ao longo de catro anos permite coñecer, por exemplo, a orixe toponímica de Carreira. A hipótese máis aceptada vincula este nome coa palabra galega derivada do termo latino **carraria**, que significa vía para carros.

Entre os feitos históricos máis reseñables, o autor do libro sinala cando en 1753 o núcleo de Ribeira supera ao de Carreira en número de habitantes. Tamén fai referencia a cando, en 1821, se creou o concello constitucional de Carreira, que so durou ata o 1835, cando se realizou a reforma administrativa vixente na actualidade.

Auxe comercial

Unha das etapas máis florecentes da parroquia tivo lugar nas décadas setenta e oitenta. Por aquel entón, segundo os datos recompilados por Crugeiras Sampedro, contábanse en Carreira 44 negocios. A maior parte deles foron desaparecendo co paso dos anos.

Pero os veciños desta parroquia ribeirense tamén foron testemuñas dunha traxedia moi difícil de esquecer, o naufraxio do vapor correo **Santa Isabel**. Como non podía ser doutro xeito, o autor do libro tamén lle dedica un espazo importante a este suceso, no que faleceron 213 persoas.

A obra de Javier Crugeiras tamén lle permitirá a moitos ribeirenses saber como era o seu apelido na antigüidade, xa que no libro figura unha relación dos sobrenomes máis comúns na parroquia de Carreira, como Axeitos, Ameal, Lixó, Ouxo, Sobrido ou Vilas, e da evolución que sufriron co paso do tempo.

Tamén a illa de Sálvora, un dos principais espazos naturais da comarca barbancesa, merece un espazo neste volume.



© Copyright LA VOZ DE GALICIA S.A.

Comercializa publicidad local:

Polígono de Sabón, Arteixo, A CORUÑA (España)

Comercializa publicidad nacional: